

# **LEI DE CREACIÓN DO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA**

**Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia.**  
(Diario Oficial de Galicia, núm. 229, do 29 de novembro de 1995), modificada  
pola Lei 12/2007, do 27 de xullo (Diario Oficial de Galicia, núm. 153, do 8 de  
agosto de 2007); e pola Lei 16/2008, do 23 de decembro (Diario Oficial de  
Galicia, núm. 253, do 31 de decembro)

Galicia veu creando e estruturando as súas institucións desde a promulgación do seu Estatuto, ao abeiro do artigo 2 e consonte o dereito recoñecido no artigo 137, inciso segundo, da Constitución, de acordo co principio de autogoberno consagrado no seu artigo 148.1.1, e ata o punto de que pode considerarse practicamente culminado, desde a perspectiva da súa estrutura orgánica, o seu proceso de autoorganización, cumprindo a previsión contida nos artigos 27.1 e 39 do seu Estatuto.

Establecida pola Constitución unha modalidade de Goberno e Administración propia dun Estado de dereito, esta concretarase non só no control posterior das súas normas e actuacións, xa for a través dos órganos xurisdiccionais ordinarios, xa for, se é o caso, polo Tribunal Constitucional, senón mediante un sistema de consulta previa a un órgano cualificado naquelas actuacións e disposicións do Goberno, central ou autonómico, que pola súa transcendencia ou complexidade así o requiran, como garantía do sometemento pleno deles á lei e ao dereito, amparados no artigo 130.1 da Constitución.

Resolta xa pola sentenza do Tribunal Constitucional do 26 de novembro de 1992, na súa condición de órgano supremo de interpretación da Constitución, a consecuencia de que a capacidade autoorganizativa das comunidades autónomas lles recoñece facultades para a constitución dos seus propios órganos superiores consultivos, e promulgada a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que recoñece expresamente a posibilidade de creación de consellos consultivos superiores autonómicos, especialmente os seus artigos 102 e 103 e disposición derogatoria 2.b), parece chegado o momento oportuno para a creación, que se fai por esta lei, do Consello Consultivo de Galicia.

Este Consello terá por obxecto constituírse como superior órgano consultivo do Goberno de Galicia de carácter técnico xurídico, con ánimo de mellorar a actuación administrativa, en canto que aumentará a garantía de legalidade das decisións que se poidan adoptar no marco do Estado social e democrático de dereito que proclama a Constitución no seu artigo 1.1.

Axilizará, así mesmo, o actuar administrativo, ao contar cun organismo consultivo propio que evite a necesidade de acudir ante o Consello de Estado nos supostos en que as leis requiren un preceptivo ditame e que garanta a legalidade e xuricidade dos acordos e actos administrativos que se sometan ao seu ditame.

A lei consta de seis títulos, catro disposicións adicionais, unha disposición transitoria e outra derradeira.

No título primeiro, das disposicións xerais, trátase do seu carácter e fins, recoñecendo a súa autonomía orgánica e funcional, como garantía da súa obxectividade e independencia, do carácter das consultas que se lle formulen e do carácter estritamente xurídico dos seus ditames, agás petición expresa.

No título segundo, da composición, dado o seu carácter e ámbito, optouse por un número reducido de conselleiros, cinco, designados directamente polo presidente da Xunta; da duración do seu mandato, seis anos; do seu presidente, elixido polos propios conselleiros; da súa condición e incompatibilidades.

No título terceiro, da competencia, numéranse os casos en que o seu ditame é preceptivo, a forma de o solicitar, a posibilidade de solicitude de ditame facultativo e a elaboración dunha memoria anual.

No título cuarto, do seu funcionamento, regúlase a posibilidade de actuar en Pleno e en Seccións, fixando os respectivos asuntos, así como a forma de deliberar e tomar acordos, con carácter xeral.

No título quinto, do procedemento, sinálanse os prazos, ordinario e urxente, para a emisión de ditames e a posibilidade de solicitar a súa información complementaria.

No título sexto, finalmente, faise referencia ao persoal, e ten como principal característica a creación dun corpo de letrados propio do Consello Consultivo.

Considérase, por último, a redacción polo propio Consello Consultivo dun regulamento de organización e funcionamento, que llo propondrá á Xunta de Galicia para a súa aprobación.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2º do Estatuto de Autonomía e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo en nome de El-Rei a Lei do Consello Consultivo de Galicia.

## **TÍTULO I**

### **Disposicións xerais**

**Artigo 1.-** Natureza e sede.

1. Créase o Consello Consultivo de Galicia, como órgano superior consultivo da Xunta de Galicia.

2.- A súa sede radicarás na cidade de Santiago de Compostela, sede das institucións autonómicas.

**Artigo 2.-** Autonomía.

1. No exercicio das súas funcións, o Consello Consultivo de Galicia velará pola observancia da Constitución, do Estatuto de Autonomía e do resto do ordenamento xurídico.

2.- O Consello Consultivo de Galicia, no exercicio das súas funcións, gozará de plena autonomía orgánica e funcional, en garantía da súa obxectividade e independencia.

3.- Os asuntos ditaminados polo Consello Consultivo de Galicia non lle poderán ser remitidos, para informe ulterior, a ningún outro órgano ou organismo da Comunidade Autónoma.

### **Artigo 3.-** Consultas e ditames.

1.- A consulta ao Consello Consultivo de Galicia será preceptiva cando así o estableza esta lei ou outra norma de igual rango, e facultativa no resto dos casos.

2.- Agás que por lei se dispoña expresamente o contrario, o seu ditame será non vinculante e de carácter estritamente xurídico, sen entrar en valoracións de oportunidade ou conveniencia, a non ser que así lle sexa solicitado expresamente polo órgano consultante.

3.- As disposicións e resolucións sobre asuntos ditaminados polo Consello Consultivo de Galicia cando sexa preceptiva a súa intervención nelas, se se tomaren de acordo co seu ditame, expresaranse coa fórmula «... *de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia*», e se non se tomaren de acordo co ditame daquel, coa de «... *oído o Consello Consultivo de Galicia*».

## **TÍTULO II**

### **Composición**

**Artigo 4.-** Membros natos e membros electivos do Consello Consultivo de Galicia<sup>1</sup>.

1. O Consello Consultivo de Galicia está integrado por conselleiras e conselleiros natos e conselleiras e conselleiros electivos.

2. Son conselleiras e conselleiros natos as ex presidentas e os ex presidentes da Xunta de Galicia.

3. Son conselleiras e conselleiros electivos as cinco persoas nomeadas por decreto da presidenta ou do presidente da Xunta de Galicia, oído o Consello da Xunta, entre:

a) Xuristas de recoñecido prestixio, con máis de dez anos de experiencia profesional efectiva.

b) Altos cargos e funcionarias e funcionarios das administracións públicas, coa licenciatura en dereito, con máis de dez anos de experiencia.

4. As conselleiras e os conselleiros natos exercerán o seu mandato por un período de seis anos, se tiveron a condición de presidenta ou presidente durante catro ou menos anos, ou por un período de doce anos, se tiveron a condición de presidenta ou presidente durante máis de catro anos.

---

<sup>1</sup> Modificado polo artigo 1.1 da Lei 12/2007, do 27 de xullo.

O mandato non será renovable agás no caso de seren nomeados conselleiras ou conselleiros electivos. Durante o tempo do seu mandato serán inamovibles, agás nos supostos establecidos nesta lei.

5. As conselleiras e os conselleiros electivos exercerán o seu mandato por un período de seis anos, renovable unha soa vez, agás o establecido na alínea 2 do artigo 7 para o suposto das vacantes. Durante o tempo do seu mandato serán inamovibles, agás nos supostos establecidos nesta lei.

6. Os membros natos do Consello Consultivo de Galicia teñen dereito ás honras e ás precedencias protocolarias que lles correspondan na súa condición de ex presidentas ou ex presidentes da Xunta de Galicia.

Os membros electivos do Consello Consultivo de Galicia teñen dereito ás honras e ás precedencias protocolarias que se sinalen regulamentariamente.

7. Os membros natos e electivos teñen dereito ás remuneracións, polo exercicio das súas funcións, que se fixen nos orzamentos xerais da comunidade autónoma.

#### **Artigo 4. bis.** - Procedemento de incorporación dos membros natos<sup>2</sup>.

1. A incorporación como membro nato do Consello Consultivo de quen ocupou a Presidencia da Xunta de Galicia producirase dentro do período dun ano desde a data de publicación do seu cesamento como tal. Durante este tempo a ex presidenta ou o ex presidente deberá formalizar o seu desexo de se incorporar ao Consello Consultivo e formular declaración de non estar incurso en causa de incompatibilidade.

2. A incorporación poderase demorar, por petición da persoa interesada, mentres esta ocupe un cargo público incompatible coa pertenza ao Consello Consultivo. Ao producirse o cesamento no devandito cargo, a ex presidenta ou o ex presidente disporá dun novo prazo, de tres meses, para formalizar a súa incorporación ao Consello Consultivo.

Se o cesamento no cargo incompatible estivese motivado pola incorporación a outro cargo público igualmente incompatible coa condición de membro do Consello Consultivo, o prazo de tres meses para formalizar a referida solicitude de incorporación como membro nato computarase desde o cesamento neste último.

3. O mandato dos membros natos do Consello Consultivo de Galicia poderase interromper como consecuencia do seu nomeamento para un cargo público declarado incompatible. Para os efectos da súa reincorporación ao Consello Consultivo polo tempo que lle quede de mandato, observarase o disposto na alínea anterior.

#### **Artigo 5.** - Elección de presidente e designación de secretario<sup>3</sup>.

1. O Consello Consultivo de Galicia terá un presidente elixido por e entre as conselleiras e os conselleiros electivos en votación secreta e por maioría absoluta, na forma prevista no artigo 10. O presidente ou a presidenta terá a súa representación para todos os efectos

---

<sup>2</sup> Engadido polo artigo 1.2 da Lei 12/2007, do 27 de xullo.

<sup>3</sup> O punto 1 modificado polo artigo 1.3 da Lei 12/2007, do 27 de xullo.

2.- Estará asistido por un secretario xeral, con voz pero sen voto, pertencente ao corpo de letrados do propio Consello. Exercerá as funcións que lle atribúa o regulamento orgánico.

#### **Artigo 6.-** Perda da condición.

Os conselleiros perderán a condición de tales:

- a) Por renuncia.
- b) Por extinción do seu mandato ao expirar o prazo.
- c) Por incapacidade permanente declarada por resolución xudicial firme.
- d) Por incompatibilidade sobrevida.
- e) Por inhabilitación xudicial para o exercicio de cargo público declarada en sentenza firme.
- f) Por condena por delicto doloso en sentenza firme.
- g) Por incumprimento grave das obrigas de conselleiro.
- h) Por falecemento.

#### **Artigo 7.-** Procedemento e vacantes<sup>4</sup>.

1.- O cesamento será ditado polo presidente da Xunta. Nos supostos previstos nos apartados d) e g) do artigo anterior será preciso o acordo favorable do Consello tomado por maioría absoluta dos seus membros, logo de audiencia do interesado.

2.- As vacantes de membros electivos do Consello Consultivo cubriranse consonte o previsto no artigo 4.3, e polo tempo que quede de mandato.

#### **Artigo 8.-** Suspensión.

Os conselleiros poderán ser suspendidos nas súas funcións en caso de inculpación ou procesamento por delicto doloso, atendendo a gravidade dos feitos, por acordo da maioría absoluta dos membros do Consello.

#### **Artigo 9.-** Incompatibilidades.

1.- A condición de conselleiro será incompatible con:

- a) A de deputado do Parlamento de Galicia.
- b) A de membro do Congreso dos Deputados ou do Senado.
- c) A de maxistrado do Tribunal Constitucional.
- d) A de defensor do pobo, valedor e vicevaledor do pobo ou cargos homónimos dunha Comunidade Autónoma.
- e) A de membro do Consello de Contas.
- f) A de calquera cargo político ou administrativo do Estado, comunidades autónomas ou entidades locais.

---

<sup>4</sup> O punto 2 modificado polo artigo 1.4 da Lei 12/2007, do 27 de xullo.

g) Funcións directivas en partidos políticos, sindicatos de traballadores ou asociacións de empresarios.

h) Cargos de toda índole en empresas concesionarias, contratistas, arrendatarios ou administradores de obras ou servizos públicos, calquera que sexa o seu ámbito territorial.

i) A de membro de calquera órgano asesor da Xunta.

j) O exercicio das carreiras xudicial ou fiscal ou da avogacía.

k) Calquera actividade profesional ou mercantil.

2.- Será compatible co exercicio da actividade docente ou investigadora, logo de expresa declaración de compatibilidade polo presidente do Consello.

3.- Se concorrese algunha causa de incompatibilidade en quen sexa designado conselleiro antes de tomar posesión do cargo e non constase a súa renuncia no que motivase a incompatibilidade, entenderase que renuncia ao posto de conselleiro se non toma unha decisión no prazo de dez días, o que así decretará o presidente, cumpríndose o disposto no artigo 7.1 para tal evento. En ambos os casos procederase a unha nova designación consonte o artigo 7.2.

**Artigo 10.-** Elección da presidenta ou do presidente e substitucións<sup>5</sup>.

1. Na primeira reunión do consello, cando estea vacante a presidencia, os seus membros electivos procederán á elección do seu titular de entre eles, mediante votación secreta e por maioría absoluta. No caso de non se obter esta, as conselleiras e os conselleiros electivos procederán a unha segunda votación, na que tan só serán elixibles aquelas conselleiras e conselleiros máis votadas e votados na primeira votación. Nesta segunda votación resultará elixido quen obteña maior número de votos. A proposta comunicaráse á presidenta ou ao presidente da Xunta, quen procederá ao seu nomeamento mediante decreto por un período de seis anos, ao termo dos cales só poderá ser reelixido para un novo mandato.

2. No caso de ausencia ou enfermidade, ou mentres dure a vacante por cesamento da presidenta ou do presidente, exercerá as súas funcións a conselleira ou o conselleiro electivo máis antigo, e de a antigüidade ser a mesma, o de máis idade.

### **TÍTULO III**

#### **Competencia**

**Artigo 11.-** Consultas e ditames preceptivos<sup>6</sup>.

O Consello Consultivo de Galicia será consultado preceptivamente nos supostos seguintes:

---

<sup>5</sup> Modificado polo artigo 1.5 da Lei 12/2007, do 27 de xullo.

<sup>6</sup> O punto j) modificado pola disposición derradeira terceira da Lei 16/2008, do 23 de decembro.

- a) Proxectos de reforma do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- b) Proxectos de lexislación delegada a que se refire o artigo 10.1.a) do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- c) Convenios e acordos de cooperación con outras comunidades autónomas, consonte os artigos 145.2, inciso primeiro, da Constitución e 35.1 e 2 do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- d) Regulamentos que se diten en execución de leis, así como as súas modificacións.
- e) Conflitos de atribucións que se susciten entre as diversas consellerías e entre outros altos organismos e institucións da Comunidade Autónoma.
- f) Recursos administrativos de revisión.
- g) Revisión de oficio ou por petición do interesado dos actos administrativos na forma establecida na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- h) Nulidade, interpretación e resolución dos contratos administrativos na forma establecida na Lei de contratos do Estado e de réxime local.
- i) Nulidade, interpretación, modificación e extinción de concesións administrativas calquera que sexa o seu obxecto, nos casos en que así o esixan as normas aplicables.
- j) Reclamacións de responsabilidade patrimonial de contía superior a 1.500 euros.
- k) A creación ou supresión de municipios, así como a alteración de termos municipais.
- l) Cesamento dos seus membros, en todo caso.
- m) En xeral, en todos aqueles supostos en que así o estableza unha lexislación específica.

#### **Artigo 12.-** Solicitude de ditames.

1. En asuntos de competencia da Xunta de Galicia o ditame do Consello Consultivo de Galicia será solicitado polo presidente da Xunta.
2. Corresponderalles aos presidentes das entidades locais solicitar o ditame do Consello Consultivo de Galicia naqueles supostos en que a lexislación o requira.

#### **Artigo 13.-** Ditames facultativos.

O presidente da Xunta, o Consello, os conselleiros e os presidentes dos organismos e entes públicos poderán solicitar ditame do Consello Consultivo de Galicia sobre aqueles asuntos non incluídos no artigo precedente cando a especial transcendencia do asunto así o requira.

#### **Artigo 14.-** Memoria anual.

O Consello Consultivo de Galicia elevará anualmente unha memoria de actividades ao Consello da Xunta na que se expresará a actividade desenvolvida no período anterior, así como as suxestións que se coiden oportunas, tendentes a mellorar a actuación administrativa da Comunidade Autónoma.

## TÍTULO IV

### Funcionamento

**Artigo 15.-** Atribucións do Pleno e das Seccións<sup>7</sup>.

1. O Consello Consultivo de Galicia actuará en Pleno e en Seccións.
2. Correspóndelle ao Pleno emitir ditame sobre os asuntos comprendidos nas alíneas a), b), c), d), e), k) e l) do artigo 11, e ás Seccións sobre os restantes.
3. No caso dos ditames facultativos, a competencia atribúeselle ao Pleno, e este poderalle asignar a unha Sección a elaboración dunha proposta para a súa posterior elevación a aquel.

**Artigo 16.-** Número e composición das Seccións<sup>8</sup>.

1. O Consello Consultivo de Galicia, agás para os asuntos que son competencia do Pleno, funcionará a través de Seccións.
2. Regulamentariamente, determinarase o número de Seccións e a distribución dos asuntos entre elas procurando a homoxeneidade das materias atribuídas a cada unha.
3. As Seccións estarán compostas por conselleiras e conselleiros electivos. O número mínimo de membros de cada Sección será de tres, e cada unha estará presidida por un deles, coa asistencia dun letrado.

**Artigo 17.-** Adopción de acordos<sup>9</sup>.

1. Nas reunións do Pleno do Consello Consultivo de Galicia requirirase, para a validez das deliberacións e dos acordos, a presenza do presidente ou de quen legalmente o substitúa, dun número de membros que co presidente constitúan maioría absoluta e a do secretario xeral ou de quen faga as súas veces.
- 2.- Os acordos tomaranse por maioría absoluta dos membros que constitúan o Consello; en caso de empate, decidirá o voto de calidade do presidente.
- 3.- En caso de discrepancias co acordo adoptado, o ou os conselleiros discrepantes poderán formular por escrito, no prazo que regulamentariamente se determine, o seu voto particular razoado, que se xuntará ao ditame.
- 4.- Os membros natos do Consello Consultivo de Galicia actuarán con voz pero sen voto, en consecuencia, non se computará a súa asistencia para os efectos do quórum de constitución e adopción de acordos. Malia o anterior, actuarán con voz e voto na emisión de ditames facultativos ou na daqueles nos que sexan solicitadas do órgano consultivo valoracións de oportunidade ou

---

<sup>7</sup> Modificado polo artigo 1.6 da Lei 12/2007, do 27 de xullo.

<sup>8</sup> O punto 3 modificado polo artigo 1.7 da Lei 12/2007, do 27 de xullo.

<sup>9</sup> O punto 4 engadido polo artigo 1.8 da Lei 12/2007, do 27 de xullo.

conveniencia, e nestes casos computarase a súa asistencia para os efectos de quórum de constitución e adopción de acordos.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, os membros natos do Consello Consultivo de Galicia non poderán tomar parte na discusión e na elaboración dos ditames preceptivos ou facultativos en relación con asuntos que estivesen en tramitación no Parlamento de Galicia.

## **TÍTULO V**

### **Procedemento**

**Artigo 18.-** Prazos para a emisión de ditames.

1. O Consello Consultivo deberá emitir os seus ditames no prazo dun mes a partir do momento da recepción da solicitude; transcorrido este prazo, entenderase que non existe ningunha obxección á cuestión suscitada.

2. Cando na orde de remisión do expediente se fixer constar motivadamente a urxencia do ditame, o prazo será de quince días, agás que o presidente da Xunta, atendendo a materia e urxencia do asunto, fixase outro menor, que nunca será inferior a dez días.

**Artigo 19.-** Documentación.

1. O órgano consultante deberalle facilitar ao Consello tanta documentación precise para ditaminar sobre a cuestión suscitada.

2. O Consello, a través do seu presidente, e por acordo daquel, poderá solicitarlle ao órgano ou á institución consultante que se complete a documentación con cantos antecedentes, informes e probas coide necesarios, mesmo co parecer dos organismos ou persoas que tivesen competencia nas cuestións relacionadas co asunto obxecto do ditame; neste suposto interromperanse os prazos previstos no artigo 18 ata que sexa cuberta a solicitude.

**Artigo 20.-** Audiencias e informes.

1. Poden ser oídos ante o Consello os directamente interesados nos asuntos motivadores da consulta, ben por acordo do Consello por petición deles, ben de oficio.

2.- Por conducto do órgano consultante, ou directamente, pode o Consello solicitar informe, oral ou escrito, daqueles organismos ou persoas que tivesen notoria competencia técnica nas cuestións solicitadas nas materias relacionadas co obxecto da consulta.

## **TÍTULO VI**

### **Persoal**

**Artigo 21.-** Dos letrados e das súas funcións.

1. O Consello Consultivo estará asistido polo seu propio corpo de letrados.

2. Os letrados do Consello terán como misión o estudo, a preparación e a redacción dos proxectos de ditame sobre os asuntos sometidos á consulta del, así como daqueles que, sendo adecuados ao seu carácter, se determinen no regulamento.

3. O Consello elixirá entre os letrados un secretario xeral, que será nomeado polo seu presidente e terá a xefatura do persoal, sen prexuízo das facultades daquel, e será substituído, en caso de ausencia, por outro letrado designado polo presidente.

4. Os letrados terán as incompatibilidades establecidas con carácter xeral para os funcionarios das administracións públicas e non poderán exercer función ningunha, agás a docencia ou investigación que se consideren compatibles e cando non prexudiquen a boa marcha do Consello e sempre logo de autorización do seu presidente.

**Artigo 22.-** Selección de letrados.

Os postos de traballo de letrados serán cubertos na forma seguinte:

a) Dúas terceiras partes, por oposición libre, na forma que regulamentariamente se determine, entre licenciados en dereito.

b) Un tercio, por concurso entre funcionarios da escala de letrados da Xunta de Galicia, así como xuristas funcionarios de carreira que exerzan a súa actividade sometidos a unha relación de dereito público.

**Artigo 23.-** Da adscrición doutro persoal.

O resto das plazas do persoal serán cubertas por funcionarios da Administración da Comunidade, de acordo co cadro de persoal que o Consello Consultivo lle propoña á Xunta.

**Disposicións adicionais**

**Primeira.**

O Consello Consultivo dispoñerá de seis letrados en tanto que a Xunta, por proposta daquel, estableza o definitivo cadro de persoal orgánico.

**Segunda.**

1. No prazo de catro meses, seguintes ao da entrada en vigor desta lei, procederáse ao nomeamento dos conselleiros, así como á constitución do Consello Consultivo de Galicia.

2. Os conselleiros prestarán xuramento ou promesa de acordo coa seguinte fórmula: «*Xuro (ou prometo) cumprir as obrigas do meu cargo de conselleiro do Consello Consultivo de Galicia e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía*».

### **Terceira.**

Consonte os principios desta lei, o Consello Consultivo elaborará o seu regulamento de organización e funcionamento e a Xunta procederá á súa aprobación no prazo de seis meses seguintes ao da constitución do Consello Consultivo de Galicia.

### **Disposición transitoria**

O Consello da Xunta habilitará os créditos necesarios para a entrada en funcionamento do Consello Consultivo de Galicia ata que este dispoña da súa propia sección nos presupostos xerais da Comunidade Autónoma.

### **Disposición derradeira**

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, dez de novembro de mil novecentos noventa e cinco.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente